

# informa TEO

## TURISMO Cabalos, música, artesanía e polbo volven reunirse polo San Martiño



O San Martiño regresa a Teo con música, artesanía, polbo e, sobre todo, cabalos.

Despois dun ano de parón por mor da pandemia, a tradicional celebración volve con forza para “reivindicar o carácter rural e cabalar da feira”, segundo explica María López, concelleira de Turismo e Cultura.

Na carpa institucional haberá actividades nos días previos á feira e na véspera. A presentación terá lugar o sábado 6 de novembro, ás 20:30 horas, seguido da actuación de Pauliña, artista galega de country folk, media hora despois.

O mércores 10, ás 21:00 h, haberá outro concerto a cargo da banda folk Os d’Abaixo, que conta con músicos teenses entre os seus integrantes. As persoas interesadas en asistir a calquera

dos concertos, deben reservar entrada na web [turismo.teo.gal](http://turismo.teo.gal).

A feira cabalar volverá o 11 de novembro a Francos, onde leva celebrándose dende o século XV. A carpa institucional contará co mercado tradicional, onde haberá artesanía, viños teenses, mercado labrego e unha demostración zoqueira, coa presenza da artesá Elena Ferro.

Na entrada da feira estará a Barraca de Barriga Verde e a animación musical correrá a cargo do Cego da feira, das sobremesas cantareiras de Cé Orquestra Pantasma e o grupo Os Rencos, da SR de Calo

Dende a concellería de Turismo animan ás persoas a que veñan ao San Martiño, en zocos! E no caso de subir fotografías ás redes, pode des usar o cancelo [#euvouaoSanMartiño21](https://twitter.com/euvouaoSanMartiño21).

**A feira cabalar leva celebrándose o 11 de novembro en Francos dende o século XV**

## TURISMO A Feiriña do día 7 inclúe xogos en familia, música e circo

Xogos artesanais,  
actividades e  
espectáculos  
musicais, para toda  
a familia na feiriña



A Feiriña do San Martiño celebrarase o domingo 7 de novembro, con actividades, xogos e música para toda a familia.

Trátase dun encontro festivo para que os nenos e nenas gocen dunha xornada ao redor do cabalo e da tradición,

Durante todo o día, na carpa institucional haberá actividades para público familiar. Ademais, están programados xogos na carballeira e moita música. Para estas actividades non é preciso anotarse previamente.

Durante a mañá actuará o cuarteto tradicional da Asociación Cultural A Mámoa de Luou. O pallaso Piter e a súa banda alegrarán a xornada cun espectáculo de circo, con malabares, equilibrismos, zancudos. Haberá varios pasados dos xogos en familia. O acceso será por orde de chegada. Tamén se fará un obradoiro de cabaliños de pau, sobre ás 16:30 h.

O broche final será o concerto de Pakolas e o seu espectáculo *Rockeando con Ramona Órbita*, ás 17:30 h. O acceso, por orde de chegada •



### O San Martiño, nas redes

Este ano dende a Concellaría de Turismo creouse a iniciativa Olladas do San Martiño, que busca “ver a feira a través de tres miradas distintas e queremos facelo nas redes sociais porque alí tamén se vive unha feira histórica e tradicional como o noso San Martiño”, explica María López, concelleira de Turismo.

As persoas encargadas de achegar o seu punto de vista son o fotoxornalista Óscar Corral; Noel Feáns, que está detrás da páxina en instagram paisaxesgalegas; e Charo Lopes, @umalopes. Os convidados vivirán a Feira do San Martiño e compartirán nas redes sociais as súas imaxes. Así, as persoas poderán desfrutar da xornada festiva dende calquera parte. Unha vez rematada a celebración, a intención é facer unha recompilación fotográfica do traballo realizado, dentro da iniciativa Olladas do San Martiño, e editar un libro de fotos.

# EDUCACIÓN Aberto o prazo para solicitar as bolsas de ensino e transporte

Un total de 35.000 euros destina o Concello do Teo ás bolsas de ensino 2021/2022. O prazo para solicitálas permacerá aberto ata o 24 de novembro.

A solicitude pode recollerse nas oficinas municipais ou descargarse na web. A presentación de solicitudes deberá formalizarse a través do Rexistro xeral do Concello, en calquera outro rexistro doutra administración ou na Sede electrónica do Concello de Teo.

Estas axudas están destinadas a cubrir os gastos de material escolar, instrumentos solicitados polos centros, libro de texto e contidos dixitais. Buscan favorecer a escolarización pública e formación universitaria en familias con menos recursos económicos.

## Cuantías

As bolsas de ensino abranguen dende a educación infantil ata a universitaria. As cuantías que se poden solicitar para ensino son: Educación Infantil, 100 €; 1º a 6º de Primaria, 1º, 2º, 3º, 4º da ESO, PCPI ou outras modalidades da ESO, 100 €; alumnado con necesidades educativas especiais, 150 €; Bacharelato ou FP, 150 €; universidades e ensinanzas artísticas superiores, 200 €

## Bolsa de transporte

A bolsa de transporte pode solicitála o alumnado matriculado en centros fóra da área



metropolitana de Santiago, nunha cuantía de ata 200 €.

## Persoas destinatarias

Para ser beneficiario destas axudas os alumnos ou alumnas deben estar cursando nalgún dos centros para os que se solicita a bolsa. A relación dos centros pódense consultar na web [teo.gal](http://teo.gal).

As rendas per cápita superiores a 7.500 euros non terán dereito nin á axuda de ensino, nin á de transporte. Toda a información das bolsas así como os anexos para presentar a solicitude, poden consultarse na páxina web, [teo.gal](http://teo.gal).

**O prazo para presentar a solicitude permacerá aberto ata o 24 de novembro**

## BENESTAR

### Inscricións no Diverteo Nadal

O Diverteo Nadal abrirá as inscricións do 10 ao 26 de novembro. A actividade de conciliación está programada coincidindo coas vacacións escolares, do 22 de decembro ao 7 de xaneiro (12 días). Levarase a cabo nos tres colexios de Infantil e Primaria: Calo, A Ramallosa e Os Tilos, en horario de 07:00 a 15:30 h con servizo de comedor ou ata as 14:00 h sen xantar. O Diverteo está dirixido a crianzas escolarizadas nun CEIP ou CRA que teñan entre 3 e 12 anos, preferentemente empadroadas no Concello de Teo.

A inscrición farase entregando a ficha de inscrición, coa documentación requerida, a través da Sede electrónica ou nun rexistro físico. A ficha e o resto da información pódese consultar na web [teo.gal](http://teo.gal). A listaxe provisional publicárase o 30 de novembro e o pagamento do servizo haberá que formalizalo entre o 1 e o 10 de decembro.

O pagamento farase a través do portal tributario do Concello de Teo.





# Teo e Ames ofertan o servizo de atención temperá



**As persoas que precisen o SAT ou necesiten máis información, poden chamar ao teléfono 981 80 97 07**

Teo e Ames compartirán o servizo de atención temperá (SAT) a partir de novembro. Un servizo que vai dirixido á poboación infantil de 0 a 6 anos, á súa familia e á súa contorna, e que ten como obxectivo dar resposta ás necesidades transitorias ou permanentes que presentan as crianzas con trastornos no desenvolvemento ou en risco de padecelos para facilitar a súa autonomía persoal e inclusión social.

O SAT conta con servizo de psicoloxía, logopedia e terapia ocupacional e a partir do vindeiro mes de novembro prestarase nun novo local habilitado na Travesía da Casalonga, 67- 1º, en Teo.

Este servizo leva prestándose en Teo dende o 2018. Así, en outubro asinou un convenio co Concello de Ames para prestar o SAT de xeito compartido. Ignacio Iglesias, concelleiro de Benestar, destaca a importancia desta colaboración: “cando se quere colaborar saen proxectos coma este que

unen a dous concellos para atender mellor unha demanda real por parte das persoas usuarias”.

Para regular a prestación do servizo, así como as normas internas da xestión, a finais de outubro constituíuse a Comisión mixta de coordinación do SAT. A súa primeira xuntanza contou co concelleiro de Servizos Sociais de Teo, Ignacio Iglesias; a concelleira Igualdade e Benestar Social de Ames, Luísa Feijóo; a coordinadora de Servizos Sociais de Teo, Mónica Mella; e Rosana Martínez, técnica de Promoción da Saúde de Ames. Os casos que precisen ser derivados ao SAT serán propostos polo profesorado dos centros educativos de Teo e Ames, o persoal sanitario dos centros de saúde e os departamentos de Servizos Sociais de ambos concellos. As persoas que precisen deste servizo ou necesiten información poden chamar ao Departamento de Servizos Sociais no teléfono 981.80 97 07 •



## Prazas libres no Servizo de estimulación terapéutica en Cacheiras

A Concellería de Benestar e Agadea informan de que aínda quedan prazas libres para o Servizo de estimulación terapéutica na Casa Común de Cacheiras. A actividade, que se leva a cabo os martes e xoves de 16:30 a 19:30 horas, está impartida por unha psicóloga e é de balde. Trátase dun servizo que o Concello oferta en colaboración con Agadea e está dirixido a persoas que padezan calquera tipo de demencia ou que presenten un deterioro cognitivo. O obxectivo das sesións é preservar as habilidades cognitivas e motoras a través de exercicios de orientación temporal, espacial e persoal, actividades de estimulación psicomotriz, prácticas de cálculo, linguaxe e actividades lúdico manipulativas, entre outras. As persoas interesadas poden anotarse no teléfono 981 80 97 07.

# ADMINISTRACIÓN Remata o prazo de pago do IBI, lixo, pasaxes permanentes e IAE



Información e consultas,  
en [atencion.tributaria@dacoruna.gal](mailto:atencion.tributaria@dacoruna.gal) ou no teléfono  
gratuito 900 13 22 04

Este mes de novembro remata o prazo para o pago dos impostos do IBI, o lixo, pasaxes permanentes e os ligados a actividades económicas, segundo publica a Deputación de Coruña no BOP do 30 de xullo de 2021. O límite para realizar os pagamentos en período voluntario acaba o 15 de novembro, data inclusive. No caso dos recibos domiciliados, o cargo fíxose na conta o 15 de outubro. E de non telo domiciliado, o pagamento débese facer co recibo que chega por correo postal, antes do 15 de novembro. As persoas que non teñan o recibo ou non detecten o cobro na súa conta poden

enviar un correo cos datos persoais a [intervencion@teo.gal](mailto:intervencion@teo.gal), para solicitar unha copia.

Para calquera consulta poden dirixirse ao correo [atencion.tributaria@dacoruna.gal](mailto:atencion.tributaria@dacoruna.gal) ou ao teléfono gratuito 900 13 22 04. O Concello ten delegada a recadación dos impostos municipais na Deputación.

O Departamento de Asuntos Económicos lembra que existe a posibilidade de fraccionar ou aprazar os recibos de 2021 e tamén para o 2022 e seguintes, acolléndose a un plan individualizado de pagos (10 cotas anuais) ou domiciliando os recibos en 2 prazos, sen custo •

## SERVIZOS BÁSICOS



### Servizos Básicos arranxa unha pista en Tribaldes

O Concello de Teo arranxará o tramo da pista entre a aldea de Tribaldes e Illobre, no Concello de Vedra, para paliar o seu estado de deterioro. O concelleiro de Servizos Básicos, Ignacio Iglesias, leva varias semanas valorando as actuacións máis urxentes de reparación de fochancas e mellora de pequenas vías. Á vista do mal estado do firme desta pista, o Concello xa contratou o asfaltado do tramo, cun custo de preto de 20.000 euros. En concreto, aglomerarase case medio quilómetro lineal, concretamente 1.800 metros cadrados. O orzamento tamén recolle a limpeza de cunetas así coma o reforzo en zonas deterioradas. Nestes días tamén se están revisando os parques, unha das actividades fundamentais desta Concellaría, onde ademais de facer pequenos arranxos trabállase na planificación de novas infraestruturas.

# PATRIMONIO Compostela Rupestre fixa 67 contornas de protección



Na próxima reunión, o 22 de novembro, avanzarán os pasos cara á protección efectiva do patrimonio arqueolóxico

O Plan Director do Parque Arqueolóxico Compostela Rupestre reúne un catálogo de 144 entidades patrimoniais, define 67 contornas de protección e describe o total de petróglifos do Parque de Compostela Rupestre.

Tratase dun estudo exhaustivo realizado pola empresa Trivium estratexias en cultura e turismo S.L.. e que presentaron o vicepresidente e responsable da área de Turismo da Deputación, Xosé Regueira, e o deputado de Patrimonio, Xosé Luis Penas. Á mesma, acudiron os representantes dos concellos con te-

rreos integrados no parque: Teo, Ames, Brión, Santiago de Compostela e Val do Dubra. A representante teense foi María López, concelleira de Cultura e Turismo.

Durante a xornada, Xosé Regueira marcou como prazo antes de final de ano para decidir a que medidas concretas destinará crédito asignado a este proxecto.

A próxima xuntanza de Compostela Rupestre será en Teo o 12 de novembro para avanzar nos pasos concretos que leven a unha protección efectiva do patrimonio arqueolóxico •




IGUALDADE

## Igualdade programa actividades para conmemorar o 25 N

O 25 de novembro conmemórase o Día internacional da eliminación da violencia contra a muller. Teo volverá a tingirse de negro, xa que participará un ano máis na campaña *En Negro contra as violencias*. Unha chamada da atención contra esta lacra, un problema transversal da sociedade e contra a que temos que traballar de xeito coordinado apoiando ás vítimas e condenando aos agresores co estigma social. O Concello tamén participará na campaña institucional *De fronte*, impulsada pola Deputación da Coruña. Por outra banda, o domingo 21 de novembro, ás 19:00 h, no Auditorio, preséntase a obra *Crónica dunha heterosexual insatisfeita*. A actividade é de balde pero hai que reservar a entrada. O martes 23 farase un obradoiro de desigualdades e violencia de xénero na biblioteca dos Tilos, de 17:00 a 19:00 h, impartido por Movemento pola Paz. Para asistir hai que apuntarse no correo [cim@teo.gal](mailto:cim@teo.gal). Ademais, nestas próximas semanas faranse obradoiros de igualdade e autoestima nos colexios, comezando polo centro dos Tilos.



# A Feira do San Martiño tamén forneceu a economía teense



A Feira de San Martiño marcou a historia, a cultura e incluso a economía da Maía e das terras de Compostela.

Por aquel entón, a feira reunía a máis de 30.000 persoas e axudou a encher as arcas municipais nun período tenebroso: a recadación do imposto do 2% sobre as vendas do gando permitiu equilibrar o orzamento dun modesto municipio, que presidía Manuel Landeira. Precisamente, os expedientes que se conservan de arrendo do imposto da venda de gando na feira de Francos ou de “San Martín” dos anos 1855 e 1856, testemuñan a súa relevancia económica.

Ante a precaria situación económica do Concello, a Deputación da Coruña permitiu ao goberno municipal sacar en poxa pública o arrendamento do recadado por este imposto. Segundo indicou Manuel Landeira nunha das actas plenarias, o obxectivo era destinar o diñeiro para compensar o “déficit de los arbitrios provinciales”. Os beneficios económicos agardados foron testemuño do elevado número de transaccións comerciais e a súa incidencia na economía da bisbarra. Hoxe, a feira perdeu parte dese peso económico pero mantén o arraigo e a importancia social e cultural.

Portada do expediente de arrendo do imposto do 2% da venda de gando na Feira de Francos ou de San Martiño, 1855. AMT. 138.1

Ilustración de Ruth Caramés en Nós Diario

A VER SI ME VENDEIS ESTOS PERCEBES...

TI SI QUE NON "PERCEBES" ...

FALAMOS UN ESPAZO PARA COIDAR A NOSA LINGUA

O verán de San Martiño ou é grande ou pequeno

11/11/2021 Feira de San Martiño

# AXENDA

## Novembro de 2021



|          |  |
|----------|--|
| Mércores | Servizo de asesoramento sobre a factura eléctrica.<br>De 11:00 a 13:00 h. Salón de Plenos da Casa do Concello. |
| Venres   | Mercado en Cacheiras.  |
| Sábados  | Mercado do Alimento Labrego nos Tilos.   |

### 6-7-8-10-11 Feira do San Martiño.

Programa na páxina 1.

**6** Sábado. 21:00 h. **Concerto Pauliña.**  
Inscripcións: turismo.teo.gal.

**7** Domingo. **Feiriña do San Martiño.**  
Programa na páxina 2.

Mañá. **Concerto Cuarteto tradicional da Asociación Cultural A Mámoa de Luou.**

17:30 h. **Pakolas en concerto familiar: Rockeando con Ramona Órbita** (acceso por orde de chegada).

**10** Mércores. 21:00 h. **Concerto Os d'Abaixo.**  
Inscripcións: turismo.teo.gal.

**10-26** Inscripcións no **Diverteo Nadal** que terá lugar do 22 de decembro ao 7 de xaneiro.

**11** Xoves. **Feira do San Martiño.** Carballeira de Francos - Calo.

**13** Sábado. 16:30 h. **Magosto de Apego.** Castañas, xogos tradicionais e contos do carballo con botas. Para familias con crianzas de 0 a 6 anos. Prazas limitadas. Inscripcións de balde, a partir do 8 de novembro, por orde de entrada: enviando o nome completo das persoas asistentes e DNI, no caso de telo, a lingua@teo.gal. Carballeira de Francos - Calo.

19:00 h. **Teatro: Os nenos da variola.** Grupo de Teatro Pérez&Fernández. Adaptación da novela de María Solar. 4 nominacións aos **XXV Premios de teatro María Casares** e gañadora á Mellor espectáculo Infantil (2021) e III Premio Luísa Villalta á igualdade da Deputación da Coruña (2021). A partir

de 8 anos en adiante. Reserva de entradas: [entradascultura@teo.gal](mailto:entradascultura@teo.gal). Auditorio Constante Liste.

**20** Sábado. 21:00 h. **Teatro: Dúas pedras no camiño de Mofa&Befa.** Público adulto. Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo presentan un espectáculo antolóxico das míticas obras que se manteñen na memoria do público. Reserva de entradas: [entradascultura@teo.gal](mailto:entradascultura@teo.gal).

**21** Domingo. 10:00 h. **Visita Teatralizada Batalla de Cacheiras.** Punto de saída: Igrexa de Baamonde. Inscripcións: turismo.teo.gal.

19:00 h. **Teatro:** coa obra **Crónica dunha heterosexual insatisfeita**, dirixida pola actriz María Ángeles Iglesias. Auditorio Constante Liste. Actividade dentro da **programación do 25N**, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.

**23** Martes. 17:00 a 19:00 h. **Obradoiro de desigualdades e violencia de xénero**, impartido por Movemento por la Paz. Biblioteca dos Tilos. **Programación do 25N.**

**25** Venres. 20:15 h. Acto do **25N**. Lectura da declaración institucional. Inclúe ás 20:30 h a función de **teatro O rueiro das liortas**, de Elefante Elegante (maiores de 8 anos). Auditorio Constante Liste.

**27** Sábado. 10:00 a 13:00 h. **Xornada Micolóxica.** Saída guiada pola Devesa de Agromaimor coa especialista Mercedes Nodar. Inscripcións: turismo.teo.gal.